

Addenda ao Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Laboral de la Construcción para o recoñecemento da formación preventiva impartida nos centros públicos, dependentes desta consellería, para os efectos da obtención da tarxeta profesional da construción

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional ten previsto formalizar coa Fundación Laboral de la Construcción (FLC) o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos, dende a data a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Prorrogar a vixencia do convenio durante catro anos máis. Así mesmo, adáptase o texto do convenio aos cambios normativos introducidos durante o período de vixencia do mesmo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que en data dezoito de febreiro de dous mil vinte un asinouse un convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, actualmente Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, de acordo co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e a Fundación Laboral de la Construcción para o recoñecemento da formación preventiva impartida nos centros públicos, dependentes desta consellería, para os efectos da obtención da tarxeta profesional da construción.
2. Que a cláusula cuarta do referido convenio relativa á vixencia do mesmo establece que: O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio.



3. Que a Resolución do 6 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Traballo, publica o VII Convenio Xeral do Sector da Construción, (BOE núm. 228, do 23 de setembro), polo tanto debe adaptarse o texto do convenio á nova normativa.

4. Que ambas as partes están de acordo en que, unha vez expirado o prazo é necesario ampliar a vixencia do convenio mediante a sinatura da correspondente addenda; así como tamén procede adaptar o texto do convenio aos cambios normativos que afectan á estrutura orgánica da Xunta de Galicia e á publicación do VII Convenio Xeral do Sector da Construción, acontecementos que tiveron lugar durante o período de vixencia do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

María Eugenia Pérez Fernández

Directora Xeral de Formación Profesional

